

DEPARTAMENTO DE LATÍN – CURSO 2019/2020

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

I Consideracións xerais

Para levar a cabo a avaliación, recorreremos ao criterio de observar, ao longo de todo o curso, o traballo e actitudes do alumnado.

- Corrixirase en clase o traballo realizado na casa polos alumnos comentando os posibles erros.
- Así mesmo, observará a disposición do alumno nas actividades realizadas en clase, así como a súa achega aos traballos en grupo. As probas obxectivas trimestrais (mínimo dúas) ou traballos de investigación completarán este procedemento.
- A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba (escritas e/ou orais acordes cos contidos explicados), dos traballos persoais ou de grupo e da actitude (intervencións en clase, preguntas, exercicios, esforzo diario, comportamento respectuoso). Tamén serán valoradas: a ortografía, expresión e presentación dos traballos, e o interese demostrado ao longo de todo o trimestre.

II Consideracións específicas

A cualificación establecerase segundo o seguinte procedemento para as distintas materias do departamento:

a) CULTURA CLÁSICA

- **Traballo diario:** resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades, etc. Terá un valor dun **20%**
- **Proxecto ou traballo de investigación con exposición oral** sobre contidos como: relixión e mitos clásicos, diferentes aspectos da civilización clásica, legado, literatura, pervivencia das linguas. Para o cal poderanse empregar recursos TIC como: presentacións powerpoint, pequenos vídeos, etc. Farase un por avaliación. O traballo terá o valor dun **30%**.
- **Probas escritas** tipo test e de resposta breve que se farán en cada trimestre (unha proba por avaliación). Terá un valor dun **50%**.

Procedemento /Instrumento de avaliación	Porcentaxe	Observacións
Proba escrita.	50%	1 proba escrita.
Traballo de investigación.	30%	Relativo a un tema sobre civilización grecolatina
Traballo diario do alumnado.	20%	Realización de tarefas na aula e na casa.

b) LATÍN 4º ESO

■ **Traballo diario:** probas orais de carácter diario sobre a materia explicada na clase anterior, ou aspectos fundamentais doutras explicacións. Orde e corrección nos apuntamentos e nos exercicios traducións en casa e na aula para aprendizaxe da sintaxe e das técnicas de tradución, realización de cuestionarios sobre aspectos diversos a civilización Romana, lectura e comentario de textos clásicos, participación en sesións de debate, etc. Estas actividades serán realizadas oralmente e por escrito buscando manter un ritmo constante e axeitado de traballo e aprendizaxe. Terá un valor dun **10%**

■ **Probas escritas:** (mínimo dúas probas por avaliación). Terán un valor dun **70%**

Constará fundamentalmente de:

- Análise sintáctica e tradución de oracións independentes ou ben, segundo avance o curso, dun texto breve e sinxelo (4 liñas)
- Exercicios tales como declinar algún sustantivo e adxectivo, conxugar algún tempo verbal, análise e tradución de casos soltos, concordancias de grupos de sustantivos, adxectivos e/ou pronomes, formación de casos concretos de grupos de sustantivos, adxectivos e/ou pronomes, etc.
- Frases ou pequenos textos en castelán/galego para pasar ao latín.
- Recoñecer cambios fonéticos ou exercicios de evolución dalgunha palabra ao galego e castelán ou ben de comentario sobre a súa historia ou cambios de significado.
- Explicar o sentido e/ou empregar expresións latinas de uso frecuente. Etimoloxías.
- Unha serie de preguntas sobre cada un dos apartados de índole cultural tratados na avaliación: coñecemento de mitos clásicos, civilización romana, legado, literatura, pervivencia das linguas.

Os criterios de cualificación dos exames escritos serán os seguintes:

- Cuestións de tipo lingüístico(morfosintaxe, tradución, etimoloxía, léxico): 90% do exame.
- Cuestións de tipo cultural (historia e civilización): 10% do exame.

■ **Proxecto ou traballo de investigación con exposición oral** sobre contidos como: relixión e mitos clásicos, diferentes aspectos da civilización romana, legado, literatura, pervivencia da lingua latina. Para o cal poderanse empregar recursos TIC como: presentacións powerpoint, pequenos vídeos, etc. Farase un por avaliación. O traballo terá o valor dun **20%**.

Procedemento /Instrumento de avaliación	Porcentaxe	Observacións
Proba escrita.	70%	2 probas escritas (mínimo).
Traballo de investigación.	20%	Relativo a un tema sobre a civilización romana.
Traballo diario do alumnado.	10%	Realización de tarefas na aula e na casa.

c) LATÍN I e GREGO I 1º Bacharelato

■ **Traballo diario:** lectura e escritura de textos e oracións en latín ou grego, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades, revisión do caderno de clase, etc. Terá un valor dun **10%**

■ **Probas escritas:** (mínimo dúas probas por avaliación). Terán un valor dun **70%**

Constará fundamentalmente de:

- Tradución de oracións independentes en latín ou grego ou ben un texto breve (de 4 ou 5 liñas), segundo avance o curso, e sinxelo.

- Unha análise sintáctica de todo o texto.

- Sobre o devandito texto formularase algunha cuestións de modo similar aos exercicios que se veñan facendo en clase. Por exemplo:

Exercicios de evolución dalgunha palabra ao galego e castelán ou ben de comentario sobre a súa historia ou cambios de significado.

Comentario dalgún termo de acordo cos temas de historia e cultura vistos na avaliación.

- Exercicios sobre morfoloxía, que poderán incluír declinación, conxugación, seleccionar a palabra que non segue a mesma proporción dentro dunha serie, etc.

- Latinismos e etimoloxía (Latín I). Helenismos (Grego I).

- Unha serie de preguntas sobre cada un dos apartados de índole cultural tratados na avaliación: coñecemento de mitos clásicos, civilización romana / grega (dependendo se a materia é Latín I ou Grego I), legado, literatura, pervivencia das linguas.

Os criterios de cualificación dos exames escritos serán os seguintes:

- Cuestións de tipo lingüístico (morfosintaxe, tradución, etimoloxía, léxico): **90% do exame.**

- Cuestións de tipo cultural (historia e civilización): **10% do exame.**

As cuestións relativas a morfoloxía, evolución fonética, etimoloxía e léxico e legado cultural poderán conformar unha proba única.

■ **Proxecto ou traballo de investigación con exposición oral** sobre contidos como: relixión e mitos clásicos, diferentes aspectos da civilización romana ou grega dependendo da materia, legado, literatura, etc. Para o cal poderanse empregar recursos TIC como: presentacións powerpoint, pequenos vídeos, etc. Farase un por avaliación. O traballo terá o valor dun **20%**.

► Tanto en Latín de 4º ESO como en Latín I e Grego I as probas incluírán sempre materia de contido lingüístico de anteriores probas e unha parte da materia será nova pois o latín é unha lingua cuxo aprendizaxe se fai de forma progresiva e se fundamenta no aprendido anteriormente.

Procedemento /Instrumento de avaliación	Porcentaxe	Observacións
Proba escrita.	70%	2 probas escritas (mínimo).
Traballo de investigación.	20%	Relativo a un tema sobre a civilización romana ou grega dependendo da materia.
Traballo diario do alumnado.	10%	Realización de tarefas na aula e na casa.

d) LATÍN II 2º Bacharelato

■ **Traballo diario:** lectura e escritura de textos e oracións en latín, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas pola profesora sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades, revisión do caderno de clase, etc. Terá un valor dun **20%**.

▪ Consideramos adecuado concederlle esta porcentaxe a este apartado dado o carácter eminentemente práctico da asignatura e a importancia de amosar no día a día tanto interese e boa actitude hacia a materia como que se van asimilando os diferentes contidos e a maneira de reflexar isto e realizando tanto na clase como en casa as diferentes actividades encomendadas e participando na súa corrección.

■ **Probas escritas** (mínimo dúas probas por avaliación). Terán un valor dun **80%**.

Cada proba constará dun texto para traducir, que serán fragmentos adaptados e de crecente dificultade no primeiro trimestre, mentras que nos seguintes terán como autores Eutropio (*Breviarium ab Urbe condita*) e Fedro (*Fábulas*). Os textos irán alternándose nas diferentes probas ou ben aparecerán as dúas e deberán escoller unha delas.

Ademáis, deberán realizar a análise morfolóxica e a análise sintáctica do texto proposto.

***A segunda proba** constará, ademáis do arriba exposto, dos seguintes apartados:

- Literatura latina: o alumnado deberá responder a unha pregunta de entre dúas que se proporán a partir dos temas de literatura (propostos polo grupo de traballo da CIUG) que se vaian estudando progresivamente.

- Latín, orixe das linguas romances e léxico: Estas preguntas centraranse nos seguintes aspectos: 1) Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá. 2) Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados. 3) Comentario etimolóxico de topónimos.

▪ **O valor numérico de cada apartado desta proba será o seguinte:**

- Tradución do texto, análise morfolóxica e sintáctica: 7 puntos.

- Literatura latina: 1,5 puntos.

- Latín, orixe das linguas romances e léxico: 1,5 puntos.

→ **Na 1ª e 2ª avaliacións** esta proba podería ser dividida en dúas partes que se realizarían en días distintos coa seguinte distribución:

1ª parte: tradución e análise morfolóxica e a análise sintáctica do texto proposto.

2ª parte: literatura latina e latín, orixe das linguas romances e léxico.

→ **Na 3ª avaliación** esta proba comprenderá todas as partes especificadas e terá o formato das ABAU.

► En Latín II as probas incluírán sempre materia de contido lingüístico de anteriores probas e unha parte da materia será nova pois o latín é unha lingua cuxo aprendizaxe se fai de forma progresiva e se fundamenta no aprendido anteriormente.

III Criterios para calcular a nota final da materia

Para superar as materias o alumnado deberá obter na avaliación do mes de xuño ou maio (2º de bacharelato) unha **cualificación positiva (cinco ou máis puntos)**. Teranse en conta os seguintes criterios:

- **Cultura Clásica** será preciso que á hora da avaliación final teñan cualificación positiva (cinco ou máis puntos) en dúas das tres avaliacións, sendo unha delas a terceira. A nota final será igual á media aritmética das tres avaliacións.

De xeito excepcional, cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, poderá ser proposto como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso. (Esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira e na segunda avaliación).

- **Latín 4º ESO, Latín I e Grego I de 1º Bacharelato e Latín II de 2º de Bacharelato:** As características da materia e do ciclo no que se desenvolve esixen un sistema de avaliación continua por tratarse de materias nas que non se eliminan contidos, tendo en conta os seguintes criterios:

- Tres avaliacións superadas: materia aprobada coa nota media das 3 avaliacións.

- Primeira avaliación suspensa, resto aprobadas: materia aprobada coa nota media aproximada.

- Tres, ou segunda e terceira avaliacións suspensas: materia suspensa.

IV Método de recuperación

- **Cultura Clásica** as avaliacións nas que non se obteña unha cualificación positiva (cinco ou máis puntos) poderán recuperarse mediante probas de recuperación e que serán distribuídas en tres ao longo do curso, correspondentes a cada unha das avaliacións e recollerán cuestións referentes aos contidos vistos en cada una delas.

- **Latín 4º ESO, Latín I e Grego I de 1º Bacharelato e Latín II de 2º de Bacharelato:** segundo se vén de explicar os contidos son, acumulativos (excepto o aspecto non lingüístico), polo que a súa

avaliación será continua. Nelas **non se farán con carácter ordinario exames de recuperación** en ningunha avaliación. De xeito extraordinario, poderanse realizar exames de recuperación a determinados alumnos en atención ao seu comportamento e ao seu rendemento académico ao longo do curso, de xeito que un mal resultado nunha proba non poña en perigo o traballo de todo un curso.

11.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

a) O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, deberá realizar unha proba, que será cualificada de 0 a 10, e das mesmas características que as realizadas durante o curso, no mes de **setembro**, segundo o calendario e horario fixado polo centro escolar a súa cualificación establecerase como segue:

- **Cultura Clásica:** exame que recolla preguntas e actividades relativas aos contidos mínimos da materia (100% da nota).

- **Latín 4º ESO e Latín I e Grego I de 1º Bacharelato:** preguntas sobre contidos culturais (20% da nota), exercicios de análise morfosintáctica, declinación, conxugación, etc. (40% da nota) e tradución (40% da nota). De non haber preguntas sobre contidos culturais, a nota repartirase equitativamente entre a gramática e a tradución.

b)) O alumnado que non supere a materia de **Latín II de 2º de Bacharelato** na avaliación ordinaria do mes de maio, deberá realizar unha proba, no mes de **xuño**, segundo o calendario e horario fixado polo centro escolar. A súa cualificación establecerase como segue:

- Tradución do texto, análise morfolóxica e sintáctica: 7 puntos.

- Literatura latina: 1,5 puntos.

- Latín, orixe das linguas romances e léxico: 1,5 puntos.